

Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

A deputada **Yolanda Díaz Pérez**, membro do **grupo parlamentario da Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, ao abeiro do recollido no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **pregunta para a súa resposta oral no Pleno**, relativa a insuficiencia de medios no xulgado que entende de violencia machista en Vigo.

Este outono está a ser especialmente dramático na bisbarra de Vigo no que atinxe á violencia de xénero co asasinato de 3 mulleres por violencia machista. O xulgado de violencia sobre a muller de Vigo está a recibir 3 casos novos cada día ate sumar uns 900 asuntos novos só neste exercicio.

A titular do xulgado solicitou diante da sala de goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) a concesión de reforzos para enfrontar unha vaga criminal que desborda as capacidades do xulgado. Xornadas maratonianas se suceden para atender os casos acumulados da fin de semana.

Cos datos da estatística do Consello Xeral do Poder Xudicial, do segundo trimestre do 2015, nos xulgados galegos hai pendentes 1.975 asuntos penais relacionados coa violencia machista. Cos datos das memorias dos tribunais e xulgados de Galicia os datos non deixan de amosar un crecemento sostido: no que se refire á restritiva fórmula de violencia doméstica, no ano 2012 presentáronse 885 denuncias, no 2013, 966, e no 2014 a cifra subiu a 1.025.

Os datos de denuncias que refiren violencia contra a muller, extraídos tamén da estatística da memoria de xulgados e tribunais presenta esta evolución:

- 2012: 4.788 denuncias.
- 2013: 5.174 denuncias.
- 2014: 5.209 denuncias.

Polo referido, o grupo parlamentario da AGE formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral no Pleno:

- Que actuacións vai desenvolver a Xunta de Galicia para conquistar a creación de novos órganos xudiciais exclusivos que entendan de violencia contra a muller, en particular na cidade de Vigo e alomenos a satisfacción da petición de reforzos solicitados pola titular do actual xulgado de violencia sobre a muller de Vigo?

En Compostela, a 24 de novembro do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

Asinado dixitalmente por:

Yolanda Díaz Pérez na data 24/11/2015 15:58:25